

**EXPTE: CONTRATO DO SERVIZO DE CONCILIACIÓN NOS DÍAS LECTIVOS
DENOMINADOS TEO MADRUGA E TEO COIDA. S-6/2024**

ACTA 1º DA MESA DE CONTRATACIÓN

No Salón de Plenos do Concello de Teo, sendo as 09:06 h. do día 03/09/2024, constitúese a mesa de contratación, para levar a cabo o exame da documentación contida nos sobres “A” “Documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor”, presentados polos licitadores para adxudicación do contrato arriba referenciado, que queda constituída polos seguintes membros:

Presidente: Juan Jesús Cerqueiro Pintos, concelleiro delegado de Servicios Sociais, Familia, Infancia, 3ª Idade e Relacións Veciñais.

Vogais:

- D^a. Virginia Fraga Díaz, vogal (secretaria Xeral)
- D^a. Mónica Isabel Lado Varela, vogal (interventora)
- D^a. Estefanía A. Lodeiro Paz, vogal (avogada do CIM)
- D^a. Mayte Argibay Silva (concelleiro do grupo municipal do OSdG-PSOE)

Secretaria:

- D^a M^a Elena Sueiro Fernández, secretaria da mesa (Secretaria adxunta)

Constituída a mesa dáse conta do informe xerado en data 03/09/2024 pola Plataforma de Contratos do Sector Público (PLACSP) relativo aos licitadores presentados, e que son os seguintes:

LICITADOR: B70656889

Razón social: IDEAS DE BOLINA SL

Fecha de presentación: 02/09/2024 21:27:19

LICITADOR: F27449735

Razón social: Ludus Tempori S. Coop. Galega

Fecha de presentación: 27/08/2024 14:48:41



CONCELLO
DE **TEO**

LICITADOR: B70010665

Razón social: SERVICIOS INTEGRALES DE FORMACION,S.L.

Fecha de presentación: 01/09/2024 17:02:58

Estando ante un expediente de licitación electrónica, iníciase a sesión na Plataforma de Contratos do Sector Público (PLACSP), e seleccionado o acto “**Acto de apertura oferta criterios juicio de valor**” dáse comezo ao mesmo procedéndose ao descifrado e apertura dos sobres A presentados dentro de prazo.

En canto á documentación contida nos sobres A, a documentación administrativa dos seguintes licitadores é correcta, polo que a mesa considera que procede **admitir** aos seguintes licitadores:

IDEAS DE BOLINA SL

Ludus Tempori S. Coop. Galega

SERVICIOS INTEGRALES DE FORMACION,S.L.

A documentación avaliable mediante xuízos de valor das licitadoras entréganse aos servizos técnicos encargados da súa valoración, que disporán dun prazo non superior a sete días para realizala, de acordo co artigo 159.4.e da LCSP.

Efectúanse os trámites que establece a Plataforma a fin de que quede reflectida a información que se desprende da apertura do sobre A.

Á vista de todo o anterior, **a mesa ACORDA:**

Primeiro.- Admitir aos licitadores que se relacionan a continuación, por considerar que aportou a documentación esixida no Prego de Cláusulas Administrativas:

IDEAS DE BOLINA SL

Ludus Tempori S. Coop. Galega

SERVICIOS INTEGRALES DE FORMACION,S.L.



Segundo.- Trasladar a documentación avaliable mediante xuízos de valor aos servizos técnicos encargados da súa valoración, para que nun prazo non superior a sete días realicen a valoración, de acordo co artigo 159.4.e da LCSP

Sendo as 09:28 horas finalízase a sesión, estendéndose a presente acta que asina a secretaria da mesa co visto e prace do Sr. Presidente.

O presidente
Juan Jesús Cerqueiro Pintos

A secretaria da mesa
M^a Elena Sueiro Fernández.